

Preparación para o emprego e o autoemprego: o proxecto do Concello de Santiago de Compostela"

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2007



Oficina de Promoción Económica e Emprego

“Fai a túa propia carreira naquelo que podas chegar a facer escola”

“A profesión de economista é moi versatil, vale para un roto e para un descosido”

“Pensámolo todo: o nome, a imaxe, a producción, a comercialización, o produto... Pasei o primeiro ano facendo o Plan Estratéxico (...) Esta empresa foi rentable dende o primeiro ano. É un negocio pensado para gañar cartos e funciona”

“Fai a túa propia carreira naquelo que podas chegar a facer escola”



Presidente del grupo Bassat, Ogilvy & Mather de España, y miembro del consejo administrativo de la empresa multinacional Ogilvy & Mather Worldwide, estudió Ciencias Sociales y Administración de Empresas y se especializó como técnico en Publicidad. Hace algo más de una década asumió el reto de organizar las ceremonias inaugural y de clausura de Barcelona'92, que fueron un éxito rotundo, y dieron dimensión internacional a la ciudad de Barcelona.

Es autor de obras de referencia como “El libro rojo de la publicidad” o “El libro rojo de las marcas”. Elegido el mejor publicitario español y latinoamericano del siglo XX. Destina parte de su tiempo, sus esfuerzos y sus recursos a la Fundació Carme y Lluís Bassat de ayuda a las personas necesitadas.

“A profesión de economista é moi versátil, vale para un roto e para un descosido”



A profesora de Econometría Maite Cancelo Márquez decana da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.. Profesora do Departamento de Economía Cuantitativa, é a primeira muller que ocupa este posto na Facultade de Económicas, aínda que xa foi vicedecana de Organización Académica.

O seu labor docente comprende distintas materias de econometría, teórica e aplicada, nas licenciaturas de Economía e de Administración e Dirección de Empresas, así coma en programas de doutoramento e posgrao, onde tamén impartiu cursos sobre economía europea e concorrência industrial.

Comencemos cunhas citas

“Pensámolo todo: o nome, a imaxe, a produción, a comercialización, o produto... Pasei o primeiro ano facendo o Plan Estratéxico. (...)Esta empresa foi rentable dende o primeiro ano. É un negocio pensado para gañar cartos e funciona”



O fundador da empresa Blu Sens, o compostelán José Ramón García, converteuse no primeiro galego en conquistar o Premio Nacional Novo Empresario nos seus dezoito anos de historia. Blu:Sens, fundada en Santiago de Compostela en 2002 conseguiu en menos de seis anos converterse no líder de venda de reprodutores mp3 en España.

Blu:Sens está especializada en electrónica de consumo de última xeración. A compañía, pioneira no ámbito do lecer multimedia , ofrece unha oferta global de produtos que cobre desde reprodutores de audio e vídeo portátiles ao fogar dixital, pasando polos equipos de comunicacións e conta con importantes centros propios de I+D+i. Froito da súa expansión internacional, Blusens dispón de filiais en Dubai (Emiratos Árabes), China, Malaisia e México.

Santiago de Compostela:

A historia de Santiago e a súa situación xeopolítica ten determinado e seguen determinando a vida política, social, cultural e económica da cidade.


- Capital Institucional: a importancia do Goberno Galego, da Universidade e da capitalidade de Galicia
 - Importante porcentaxe de emprego público presente na cidade
 - Importante volume de persoas que acuden cada día a Santiago a facer as súas xestións
 - A carácter universitario da cidade
- Situación central no principal eixo de actividade económica de Galicia.



Cidade patrimonio e capital cultural



- Primeiro Itinerario Cultural Europeo
- Excelencia patrimonial recoñecida pola UNESCO
- Exemplo de recuperación patrimonial
- Premio Príncipe de Asturias ó Camiño de Santiago
- Capital Europea da Cultura 2000
- Configuran unha oferta cultural e de ocio que nos convirte na cuarta cidade española nese ámbito.
- Máis de 5 millóns de persoas nos visitan cada ano



- **Hai máis Compostela que ver e que vivir**



- **Empresas punteiras, líderes no seu sector**
 - » FINSA
 - » UROVESA
 - » CASTROSÚA
 - » BLUSENS
 - » GAMELSA
- **A USC ten outras dimensións**
 - » 1º recurso científico e tecnolóxico de Galicia
 - » 400 grupos de investigación ofertan una producción científica de calidade contrastada.
 - » Experiencia na cooperación con empresas
 - » UNINOVA
- **Comercio**
 - » Convivencia de distintos modelos de oferta comercial.
 - » Ampla capacidade de atracción comercial: 160.000-175.000 persoas de outras comarcas. Zona de influencia comercial de 475.000 persoas.
- **Os recursos institucionais e de formación para o emprego**
 - » Plan de Acción Local polo Emprego
- **Entidades que tamén traballan en prol da creación de empresas**

Competencias da Oficina de Promoción Económica:



– Promoción Económica

- » Fomento do Investimento
- » Fomento do desenvolvemento industrial da cidade
- » Fomento da innovación

Obxectivo: crear un contorno favorable para as empresas de Compostela



– Emprego

- » Orientación e Inserción laboral
- » Apoio a emprendedores
- » Formación para o emprego e o autoemprego

Obxectivo: apoiar ás persoas no seu proceso de inserción laboral, mediante un proceso persoalizado



– Comercio

- » Programas de dinamización comercial
- » Plan de Excelencia Comercial

Obxectivo: converter a Santiago na Capital de Compras da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal

As preguntas e dúbidas habituais cando nos enfrontamos á realidade do mercado laboral e do mundo da empresa:

“Quero traballar nun sector determinado, quero establecerme pola miña conta, penso en montar unha empresa só ou con outras persoas, penso que me falta formación para o traballo que me gusta, ¿podo chegar a ser profesor?, non sei moi ben para que sirvo dentro dunha empresa...”

¿por onde comezar?

Oficina de Promoción Económica

- **Servizo de Orientación e Inserción Laboral**
 - Orientación, formación, organización da túa axenda para buscar emprego, contacto com empresas e institucións que poden axudarte, xestión de prácticas laborais...
 - De xeito **persoalizado** a través das nosas distintas iniciativas
- **Servizo de apoio a emprendedores**
 - Apoio na elaboración e maduración do plan de empresa, rastreo de axudas públicas e privadas, contacto con outras organizacións que traballan em prol da creación de empresas, formación, programa de axudas propio...
 - Compostela Activa 2007

O Plan de Acción Local polo Emprego



Obxectivo: acadar un mercado de traballo no que prime a calidade da oferta laboral e a cantidade de empregos que se oferta.

Plan de actuación dividido en cinco eixos:

- **Orientación profesional** para as persoas desempregadas, mediante procedementos individualizados de inserción
- **Formación para o emprego**
- **Inserción laboral** implantando un sistema eficaz de mediación entre a oferta e a demanda e apostando por programas públicos que incentiven a experiencia laboral
- **Promoción do afán emprendedor** favorecendo o autoemprego
- **Concertación e diálogo cos actores locais e destinatarios finais.**

Asinantes:

- Dirección Xeral de Formación e Colocación e Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Xunta de Galicia
- Universidade de Santiago de Compostela
- Cámara de Comercio de Santiago
- UXT Galicia
- CCOO Galicia
- CIG
- Asociación de Empresar
- ios do Polígono do Tambre
- Asociación de Empresarios de Hostalería
- Plataforma polo Emprego

Oficina de Promoción Económica e Emprego

O proceso de inserción laboral:



A reflexión íntima sobre o noso futuro profesional.

O compromiso mútuo:

- Programas de inserción que se basean no trato individual: Itinerarios **Persoalizados** de Inserción.
- Do Proxecto Crear á Bolsa de Emprego.
- Combinación dos recursos: formación, prácticas en empresas, técnicas de busca activa de emprego...
- Tamén se traballa coas empresas.
- Algúns datos:
 - Proxecto Crear: 70% insercións na súa 2ª edición
 - Proxecto Persoa II: 55 insercións e 4 empresas creadas
 - Equal Compostela Social: 28 novas empresas e medrando. Exemplo Belen Mosquera.

Oficina de Promoción Económica e Emprego

A bolsa de emprego:



Dirixida a facilitar a inserción laboral das persoas demandantes de emprego así como a intermediación laboral cas empresas. Unha vía de entrada ao mundo laboral mediante a intervención do/a titor/a de inserción.

Fases do proceso para os/as demandantes:

1. Acollida inicial: entrevista en profundidade a nivel laboral e persoal.
2. Deseño do Plan Persoal de Inserción e Implementación.
3. Inserción ou Mellora Laboral e seguimento da mesma

Servizos: boletíns informativos, consultas xurídicas, acceso a formación gratuíta, acceso á aula de informática gratuíto...

Oficina de Promoción Económica e Emprego

A bolsa de emprego:



¿Quen pode anotarse na Bolsa de Emprego?

Dirixida a calquera persoa demandante de emprego, pero especialmente aos seguintes colectivos:

- Mulleres e homes maiores de 45 anos.
- Mozos e mozas recién titulados que procuran o seu primeiro emprego
- Mulleres e homes con cargas familiares
- Mulleres e homes que desexan unha mellora laboral relacionada ou non coa súa formación
- Mulleres e homes inmigrantes ou emigrantes retornados
- Mulleres vítimas de violencia doméstica.

O proxecto Crear:



Proxecto experimental de inserción laboral no que se traballa cun colectivo de 200 usuarios.



Permite o acceso privilexiado a recursos como a formación e implica un seguimento moi intensivo por parte das titorías.



Neste momento contamos con 66 insercións laborais, o 33% do total de usuarios, nun proxecto que remata en xuño de 2008.



O programa pasado pechouse cuns niveis de inserción do 60% sobre un colectivo de 100 persoas.

Xestionáronse 345 ofertas de emprego, visitáronse 88 empresas e realizáronse 15 actividades formativas. Os participantes contaron con recursos como axudas ao desplazamento, servizo de asesoramento e imaxe persoal, aula de informática...

Oficina de Promoción Económica e Emprego

O proxecto Persoa:



Proxecto experimental de inserción laboral a través dun proceso integral de inserción (formación, prácticas en empresas e apoio na colocación) en ocupacións novos xacementos de emprego no ámbito da atención as persoas.

Especialidades: Atención temperá e estimulación precoz, Mediación familiar e socioeducativa na resolución de conflitos, Especialista no coidade da imaxe persoal e estética a persoas maiores e/ou dependentes, Adestrador físico de persoas con Discapacidade, Experto en envellecemento activo...

Neste momento contamos cun nivel de inserción laboral do 57%.

No programa tamén se fomenta o autoemprego

Porque o autoemprego



“A Unión Europea considera que a mellor maneira de potenciar o crecemento social e económico e fomentar as iniciativas emprendedoras”

“O autoemprego nos cidadáns da Unión Europea ampliada: heteroxeneidade dos riscos percibidos” Luis Miguel Zapico Aldeano e Sergio del Cano Rojo (2006)

“Os europeos prefiren estar empregados por conta allea (50%) mentres que os estadounidenses prefiren estar autoempregados (64%)”

“Creación de Empresas en Europa” Comisión Europea (2003)

“Un 31% dos europeos actualmente non empregados por conta propia probablemente recurran ao autoemprego nos próximos 5 anos”

Datos da Comisión Europea (2004)

“Asociadas aos servizos do século XXI, as iniciativas locais reúnen asombrosamente distintas correntes políticas e distintos niveis de responsabilidade. Reconcilian a investigadores e expertos, que as consideran a concreción dunha vía, a europea por excelencia, de creación de emprego e actividade económica”

“Segundo informe sobre as iniciativas locais de desenvolvemento e emprego” Comisión Europea (1998).



Integra as accións relacionadas do apoio a cultura emprendedora e a creación de novas empresas.

- Servizo de asesoramento ó emprendedor
- Xornadas do Emprendedor Compostelán
- Edición da Guía do Emprendedor
- Programa de incentivos para a creación de novas empresas en Santiago de Compostela
- Concurso de Novas Ideas Empresariais 
- Aulas-taller de emprendemento 
- Accións de Formación 
- Actividades de difusión e promoción da cultura emprendedora.

Dirixido a todas as persoas interesadas en crear unha empresa en Compostela

No ano 2006 atendeu a máis de 200 emprendedores

- **Entrevistas en profundidade ás potenciais emprendedores**
- **Axenda de traballo conxunta emprendedor-técnico**
 - Definición do proxecto
 - Apoio na elaboración e maduración do plan de empresa.
 - Rastreo de axudas públicas e privadas.
 - Resolución de dúbidas xurídicas.
 - Apoio na tramitación de expedientes de axudas
 - Tramitación de ILEs

Para poñer en contacto aos emprendedores da área de Compostela cos diferentes mecanismos e recursos que ofrece a cidade, tanto de natureza formativa como financeira, empresarial, de cooperación...

Na segunda Xornada Emprende en Compostela participaron máis de 350 persoas.

Relación de entidades que tiveron stand na Xornada:

- Concello de Santiago. Concellería de Promoción Económica e Emprego
- Equal Compostela Social
- USC UNIEMPRENDE
- CONCELLO DE AMES
- CONCELLO DE BOQUEIXON
- CONCELLO DE BRION
- CONCELLO DE VEDRA
- CONCELLO DE TEO
- FUNDACION PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DE SANTIAGO
- ASOCIACION PLATAFORMA POLO EMPREGO
- Cámara de Comercio
- IGAPE
- La Caixa
- Caixa Galicia

Pensada para que o emprendedor traballe de xeito autónomo con ela, pero tamén co grao de concreción técnica que require un servizo de apoio a emprendedores

Contidos

- **Aspectos Xerais da Empresa**
 - A idea de empresa
 - Forma xurídica
 - Trámites de constitución
- **O plan de empresa**
 - Concepto
 - Apartados que debe conter, como construír un plan de empresa.
 - Exemplos
- **Axudas e subvencións: recopilación de axudas de interese no ámbito local, autonómico e estatal.**

Para apoiar as empresas nos seus primeiros meses de vida, subvencionando os gastos correntes de constitución e primeiro establecemento.

Orzamento: 40.000€

- **Novidades para este ano**
 - Incremento do 33,3% da partida orzamentaria para esta finalidade
 - Cambio no concepto de gastos subvencionables: gastos correntes e de primeiro establecemento tales como existencias iniciais, arrendamentos, primas de seguros, abastecementos, gastos de formalización de constitución da sociedade...
 - Ampliación dos criterios de concesión.
 - Trámites de constitución
- **Para empresas constituídas do 1 de outubro de 2006 ó 31 de agosto de 2007**
- **Ata 2.000€ por empresa**

Para estimular e apoiar aos posibles emprendedores que teñen unha idea de negocio, facilitando a posta en marcha do proxecto empresarial.

36.000€ en premios

- **9 premios repartidos en tres categorías**
 - “Novas Ideas empresariais edición xeral”.
 - “Novas Ideas Empresariais promovidas por mulleres”.
 - “Novas Ideas Empresariais promovidas por titulados en formación profesional”.

Cada categoría conta con:

 - Un primeiro premio de 5.000 euros.
 - Un segundo premio de 4.000 euros.
 - Un terceiro premio de 3.000 euros.
- **Prazo de presentación de solicitudes ata o 14 de xullo de 2007.**
- **Resolución a partir do día 1 de setembro.**
- **Obriga de constitución da empresa para ter dereito ó premio**



O Proxecto Equal Compostela Social: Talleres de Empresarios/as para a Inserción sociolaboral (TEIS) (AD-225), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, nace a finais do ano 2005, coa finalidade de fomentar o espírito empresarial e a creación de empresas por parte de aqueles colectivos de persoas da comarca de Santiago de Compostela que presentan maiores dificultades para acceder ao mercado laboral e que teñen vocación emprendedora.

Orzamento 1.330.000€. 15 entidades constitúen a AD Equal Compostela Social

Na actualidade son un total de 56 empresas as creadas dentro do Proxecto Equal Compostela Social, 37 promovidas por mulleres e 19 por varóns.

Do total de 56 empresas creadas dentro da Comarca de Santiago:

- ☐ 11 no Concello de Ames.
- ☐ 1 no Concello de Boqueixón.
- ☐ 1 no Concello de Brión.
- ☐ 36 no Concello de Santiago de Compostela.
- ☐ 1 no Concello de Teo.
- ☐ 5 no Concello de Val do Dubra.
- ☐ 1 no Concello de Vedra.

En maio de 2007, créase a Rede de Cooperación Empresarial Equal Compostela Social



Oferta anual de cursos para persoas en situación de desemprego:

- No ano 2007 impartíronse ou estanse impartindo : Fontanería, Instalador de sistemas de enerxía solar térmica, Xardinería, Carpintería e Cantería
- O 53,66% realizou prácticas en empresas.
- O 26% insertouse laboralmente antes de rematar os cursos.

Actividades de formación Continua

Obradoiros de emprego: actualmente desenvólvese o Obradoiro de Emprego Compostela Natural no que participan 60 persoas.

“Fai a túa propia carreira naquelo que podas chegar a facer escola”

PASIÓN

“A profesión de economista é moi versátil, vale para un roto e para un descosido”

VERSATILIDADE

“Pensámolo todo: o nome, a imaxe, a producción, a comercialización, o produto... Pasei o primeiro ano facendo o Plan Estratéxico (...) Esta empresa foi rentable dende o primeiro ano. É un negocio pensado para gañar cartos e funciona”

TEMPO PARA A REFLEXIÓN

¡Grazas pola vosa atención!



OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.
Multiusos de San Lázaro, Porta 9.
Avenida de Fernando Casas Novoa, 20.
Telf: 981 54 24 93.
Fax: 981 54 24 92.
Correo electrónico:
promocioneconomica@santiagodecompostela.org
Páxina web:
www.maiscompostela.org